

# O adverbio

## LEMBRA


Os **adverbios** son palabras invariables que expresan circunstancias de lugar, de tempo, de modo e de cantidade. Tamén hai adverbios que expresan afirmación, negación e dúbida.

Xeralmente, os adverbios acompañan a un adxectivo, a un verbo ou a outro adverbio.

Os adverbios organizanse en clases, en virtude da circunstancia que expresen. Os máis frecuentes son os adverbios de **lugar**, os de **tempo**, os de **modo**, os de **cantidade**, os de **afirmación**, os de **negación** e os de **dúbida**.

### 1 Arrodea os adverbios que aparecen nas seguintes oracións.

- A obra estivo **ben**, aínda que desde a miña butaca víase **mal** o escenario.
- Tiveron que quedar **fóra** porque **dentro** a sala estaba completa.
- Bule e vai **decontado**, ou chegarás **tarde**.
- Precisamos **máis** fariña ou hai **abondo** para facer o biscoito?



### 2 Clasifica os adverbios que arrodeaches segundo a circunstancia que expresen.

Tempo	Lugar	Modo	Cantidade
<u>decontado</u>	<u>fóra</u>	<u>ben</u>	<u>máis</u>
<u>tarde</u>	<u>dentro</u>	<u>mal</u>	<u>abondo</u>

### 3 Marca a oración en que o adverbio *ben* non expresa modo e contesta a pregunta que se formula a continuación.

- María xoga moi ben ao parchís e ao xadrez.
- O meu gato é ben traveso: sempre o sorprendo nalgunha falcatuada!
- Na biblioteca hai que deixar os libros ben ordenados para que os demais os atopen.



- Que circunstancia expresa o adverbio na oración que marcaches? Expresa cantidade.  
(O meu gato é moi traveso...)